# AS LETRAS GALEGAS A TRAVES DO DOCUMENTAL (2011-2014)

## CATRO PROPOSTAS DE GONZALO E. VELOSO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
13-15 de maio de 2014
Auditorio do CGAC
Entrada de balde até completar as localidades

Este ciclo presenta catro traballos documentais co obxectivo de divulgar a obra dos autores Lois Pereiro, Valentín Paz Andrade, Roberto Vidal Bolaño e Xosé María Díaz Castro, que protagonizaron as últimas edicións do Día das Letras Galegas. Gonzalo E. Veloso, director das catro películas, presenta ese achegamento a través de múltiples voces que percorren a vida e obra dos autores e constrúen, para cada un deles, un retrato calidoscópico único.

**13 DE MAIO. 19:30 h**
Presentación do ciclo coa participación de Gonzalo E. Veloso (director dos documentais), José María Paz Gago (catedrático de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade da Coruña) e Xosé Nogueira (profesor de Historia do Cinema na Universidade de Santiago de Compostela). Ao remate proxectarase o documental *Lois Pereiro. Seguindo os surcos.*

**14 DE MAIO**
**11:00-12:30 h** *Deconstruíndo a Valentín Paz Andrade* e *Reubicando a Díaz Castro* (sesión para estudantes)*
**17:00-20:00 h** Proxección do documental *Recuperando a Roberto Vidal Bolaño*

**15 DE MAIO**
**11:00-13:00 h** *Recuperando a Roberto Vidal Bolaño* e *Lois Pereiro. Seguindo os surcos* (sesión para estudantes)*
**17:00-20:00 h** Proxección dos documentais *Deconstruíndo a Valentín Paz Andrade* e *Reubicando a Díaz Castro*

*En horario de mañá, realizaranse proxeccións dirixidas a estudantes. As sesións comezarán ás 11:00 h e a continuación haberá un coloquio co director. A entrada é de balde. Para asistir é preciso inscribirse antes por teléfono ou correo electrónico.

Este ciclo presenta cuatro trabajos documentales con el objetivo de divulgar la obra de los autores Lois Pereiro, Valentín Paz Andrade, Roberto Vidal Bolaño y Xosé María Díaz Castro, que protagonizaron las últimas ediciones del Día das Letras Gallegas. Gonzalo E. Veloso, director de las cuatro películas, presenta ese acercamiento a través de múltiples voces que recorren la vida y obra de los autores construyendo, para cada uno de ellos, un retrato calidoscópico único.

13 DE MAYO. 19:30 h
Presentación del ciclo con la participación de Gonzalo E. Veloso (director de los documentales), José María Paz Gago (catedrático de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada de la Universidad de A Coruña) y Xosé Nogueira (profesor de Historia del Cine en la Universidad de Santiago de Compostela). Al final se proyectará el documental *Lois Pereiro. Seguindo os surcos.*

14 DE MAYO
11:00-12:30 h *Deconstruíndo a Valentín Paz Andrade* y *Reubicando a Díaz Castro* (sesión para estudiantes)*
17:00-20:00 h Proyección del documental *Recuperando a Roberto Vidal Bolaño*

15 DE MAYO
11:00-13:00 h *Recuperando a Roberto Vidal Bolaño* y *Lois Pereiro. Seguindo os surcos* (sesión para estudiantes)*
17:00-20:00 h Proyección de los documentales *Deconstruíndo a Valentín Paz Andrade* e *Reubicando a Díaz Castro*

*En horario de mañana, se realizarán proyecciones dirigidas a estudiantes. Las sesiones comenzarán a las 11:00 h y a continuación habrá un coloquio con el director. La entrada es gratis. Para asistir es preciso inscribirse antes por teléfono o correo electrónico.

## DOCUMENTAIS

***Deconstruíndo a Valentín Paz-Andrade,*** 2012
59 min I Dirección, guión e produción: Gonzalo E. Veloso I Produción executiva: Gonzalo E. Veloso e Fran Naveira I Fotografía: Santiago Teijelo I Interveñen: Alonso Paz-Andrade, Jordi Pujol, Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas, Tucho Calvo, Xusto Beramendi, Víctor Freixanes, Avelino Pousa Antelo, Antía Cal, etc.

Sipnose: documental no que se realizan entrevistas a familiares, amizades, intelectuais e especialistas nas materias que Valentín Paz-Andrade (Pontevedra, 1898 - Vigo, 1987) cultivou durante toda a súa vida. A estrutura busca unha dislocación temática e alterna diversos temas nunha sucesión que chega a unha lóxica total ao final, de xeito que todas as partes resultan necesarias. É un intento formal de achegarse á figura dun intelectual que se dedicou ao mesmo tempo a tarefas tan diversas como a política, o ensaio, o dereito, a poesía, a creación ou a xestión empresarial.

***Recuperando a Roberto Vidal Bolaño,*** 2013
30 min I Dirección, guión e produción: Gonzalo E. Veloso I Produción executiva: Gonzalo E. Veloso, Santiago Teijelo Vázquez, Fran Naveira I Música: Orquestra Voland, un proxecto transmedia de Quinito Mourelle e Roberto Somoza I Fotografía: Santiago Teijelo Vázquez I Interveñen: Roi

## DOCUMENTALES

*Deconstruíndo a Valentín Paz-Andrade,* 2012
59 min I Dirección, guión y producción: Gonzalo E. Veloso I Producción ejecutiva: Gonzalo E. Veloso e Fran Naveira I Fotografía: Santiago Teijelo I Intervienen: Alonso Paz-Andrade, Jordi Pujol, Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas, Tucho Calvo, Xusto Beramendi, Víctor Freixanes, Avelino Pousa Antelo, Antía Cal, etc.

Sipnosis: documental en el que se realizan entrevistas a familiares, amistades, intelectuales y especialistas en las materias que Valentín Paz-Andrade (Pontevedra, 1898 - Vigo, 1987) cultivó durante toda su vida. La estructura busca una dislocación temática y alterna diversos temas en una sucesión que llega a una lógica total al final, de forma que todas las partes resultan necesarias. Es un intento formal de acercarse a la figura de un intelectual que se dedicó al mismo tiempo a tareas tan diversas como la política, el ensayo, el derecho, la poesía, la creación o la gestión empresarial.

*Recuperando a Roberto Vidal Bolaño,* 2013
30 min I Dirección, guión y producción: Gonzalo E. Veloso I Producción ejecutiva: Gonzalo E. Veloso, Santiago Teijelo Vázquez, Fran Naveira I Música: Orquestra Voland, un proyecto transmedia de Quinito Mourelle y Roberto Somoza I Fotografía: Santiago Teijelo Vázquez I Intervienen: Roi Vidal,

Vidal, Belén Quintáns, Laura Ponte, Xosé Manuel Fernández Castro, Inma López Silva, Dolores Vilavedra, Quico Cadaval, Manuel Lourenzo, Rodrigo Roel, Jorge Rei, Paco Macías, Carlos Mejuto, Rubén Ruibal, etc.

Sipnose: Neste documental a figura de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) é tratada non como un obxecto de estudo en por si, senón como un elemento tentador, é dicir, non hai unha pretensión de esgotar o tema, de responder a todas as cuestións que poidan xurdir ao estudar a súa obra e biografía. A intención é ensinar e entreter ao mesmo tempo e, ademais, espertar no espectador o interese por indagar nos seus textos e por asistir ás representacións teatrais das súas obras.

***Lois Pereiro. Seguindo os surcos***, 2014

80 min I Dirección, guión e produción: Gonzalo E. Veloso I Música: Bieito Romero, Xacobe Martínez Antelo, Pedro Lamas, Manu Clavijo e Quinito Mourelle I Banda sonora: Manu Clavijo, Bieito Romero e As Maianas I Fotografía: Santiago Teijelo I Interveñen: Xosé Manuel Pereiro, Isabel Romero, Inés Pereiro, Inés Pereiro Pontón, Manuel Rivas, Antón Reixa, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio Valcárcel, Lino Braxe, Miguel Mato, Xavier Seoane, Paco Macías, Antón Patiño, Menchu Lamas, César Antonio Molina, Fernando Saco, María Remedios Rodríguez, María Xosé Vega Buján, Raúl López, Xosé Luís Méndez Ferrín I Poemas voz: Quico Cadaval, Alfredo Conde, Yolanda Castaño, Santiago Fernández, Xabier Díaz, Lucía Aldao, María Canosa e Alexandra Marti

Sipnose: Achegamento á vida e á obra de Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958 - A Coruña, 1996) a través dunha narración de múltiples perspectivas con intervencións que comparten lembranzas e visións sobre o poeta. Documental pensado tanto para as persoas coñecedoras da obra de Lois Pereiro como para amantes da literatura en xeral, xa que non só se desvelan claves da súa vida e dos seus textos senón que hai unha fonda reflexión sobre a literatura. Conta, ademais, coa colaboración artística de poetas, recitadores e músicos que nos achegan a poesía de Lois Pereiro.

***Reubicando a Díaz Castro***, 2014

30 min I Dirección, guión e produción: Gonzalo E. Veloso I Produción executiva: Gonzalo E. Veloso, Santiago Teijelo Vázquez, Fran Naveira I Música: A Quenlla I Fotografía: Santiago Teijelo Vázquez I Interveñen: Félix Villares, Alfonso Blanco Torrado, Luís G. Tosar, Armando Requeixo, Raúl Río, José Antonio Cascudo, Xulio Xiz, Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, etc.

Sipnose: Este documental sobre Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914 - Lugo, 1990) é un achegamento libre que apunta directamente ao universo que o poeta tratou de destilar e sistematizar nos seus versos. O discurso fílmico está composto tanto por conversas dos participantes como pola paisaxe que el amou e admirou, sendo a propia paisaxe protagonista visual e acusticamente. Procura evocar, incluso, unha percepción sinestésica na que interveñan, ademais da vista e do ouvido, o tacto e o olfacto. Xunto a esta experiencia, aparecen os temas comúns aos demais traballos: o achegamento á persoa, o autor e a obra.

**A VISIÓN DE GONZALO E. VELOSO**

Abordei estes catro proxectos desde diferentes perspectivas, mais todos eles comparten algúns trazos estilísticos e conceptuais. Aínda que o tema central sobre o que gravita cada traballo é o autor homenaxeado, o peso cae totalmente sobre os participantes que interveñen e configuran o mapa do autor coa voz da súa experiencia (familia, amizades, colegas, críticos, docentes...). Na meirande parte dos casos as persoas que interveñen conversan en parellas sobre o autor en cuestión. Como director, procuro non interferir nesas consversas e así acumular horas de material. Posteriormente visualízoo e selecciono segmentos que respondan aos conceptos de autor, obra e persoa. Con estes cortes, constrúo un discurso fílmico (realizando un traballo semellante ao *found footage*) baseándome nunha estrutura establecida (diacrónica, temática, etc.) que é única para cada documental.

Gonzalo E. Veloso

Belén Quintáns, Laura Ponte, Xosé Manuel Fernández Castro, Inma López Silva, Dolores Vilavedra, Quico Cadaval, Manuel Lourenzo, Rodrigo Roel, Jorge Rei, Paco Macías, Carlos Mejuto, Rubén Ruibal, etc.

Sipnosis: En este documental la figura de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) es tratada no como un objeto de estudio en sí mismo, sino como un elemento tentador, es decir, no hay una pretensión de agotar el tema, de responder a todas las cuestiones que puedan surgir al estudiar su obra y su biografía. La intención es enseñar y entretener al mismo tiempo y, además, despertar en el espectador el interés por indagar en sus textos y por asistir a las representaciones teatrales de sus obras.

*Lois Pereiro. Seguindo os surcos*, 2014

80 min I Dirección, guion y producción: Gonzalo E. Veloso I Música: Bieito Romero, Xacobe Martínez Antelo, Pedro Lamas, Manu Clavijo y Quinito Mourelle I Banda sonora: Manu Clavijo, Bieito Romero y As Maianas I Fotografía: Santiago Teijelo Intervienen: Xosé Manuel Pereiro, Isabel Romero, Inés Pereiro, Inés Pereiro Pontón, Manuel Rivas, Antón Reixa, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio Valcárcel, Lino Braxe, Miguel Mato, Xavier Seoane, Paco Macías, Antón Patiño, Menchu Lamas, César Antonio Molina, Fernando Saco, María Remedios Rodríguez, María Xosé Vega Buján, Raúl López, Xosé Luís Méndez Ferrín I Poemas voz: Quico Cadaval, Alfredo Conde, Yolanda Castaño, Santiago Fernández, Xabier Díaz, Lucía Aldao, María Canosa y Alexandra Marti

Sipnosis: Acercamiento a la vida y obra de Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958 - A Coruña, 1996) a través de una narración de múltiples perspectivas con intervenciones que comparten recuerdos y visiones sobre el poeta. Documental pensado tanto para las personas conocedoras de la obra de Lois Pereiro como para amantes de la literatura en general, ya que non solo se desvelan claves de su vida y de sus textos sino que hay una honda reflexión sobre la literatura. Cuenta, además, con la colaboración artística de poetas, recitadores y músicos que nos acercan la poesía de Lois Pereiro.

*Reubicando a Díaz Castro*, 2014

30 min I Dirección, guion y producción: Gonzalo E. Veloso I Producción ejecutiva: Gonzalo E. Veloso, Santiago Teijelo Vázquez, Fran Naveira I Música: A Quenlla I Fotografía: Santiago Teijelo Vázquez I Intervienen: Félix Villares, Alfonso Blanco Torrado, Luís G. Tosar, Armando Requeixo, Raúl Río, José Antonio Cascudo, Xulio Xiz, Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, etc.

Sipnosis: Este documental sobre Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914 - Lugo, 1990) es un acercamiento libre que apunta directamente al universo que el poeta trató de destilar y sistematizar en sus versos. El discurso fílmico está compuesto tanto por conversas de los participantes como por el paisaje que él amó y admiró, siendo el propio paisaje protagonista visual y acústicamente. Procura evocar, incluso, una percepción sinestésica en la que intervengan, además de la vista y del oído, el tacto y el olfato. Junto a esta experiencia, aparecen los temas comunes a los demás trabajos: el acercamiento a la persona, el autor y la obra.

A VISIÓN DE GONZALO E. VELOSO

Abordé estos cuatro proyectos desde diferentes perspectivas, pero todos ellos comparten algunos trazos estilísticos y conceptuales. Aunque el tema central en torno al que gravita cada trabajo es el autor homenajeado, el peso cae totalmente sobre los participantes que intervienen y configuran el mapa del autor con la voz de su experiencia (familia, amistades, colegas, críticos, docentes…). En la mayor parte de los casos las personas que intervienen conversan en parejas sobre el autor en cuestión. Como director, procuro no interferir en esas conversaciones y así acumular horas de material. Posteriormente lo visualizo y selecciono segmentos que respondan a los conceptos de autor, obra y persona. Con estos cortes, construyo un discurso fílmico (realizando un trabajo semejante al *found footage*) basándome en una estructura establecida (diacrónica, temática, etc.) que es única para cada documental.

Gonzalo E. Veloso

CGAC
SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623 / cgac.actividades@xunta.es / www.cgac.org

XUNTA DE GALICIA